

Taller **PREPARACIÓN DE PROPOSTAS ERC 2026-2027**



12 de marzo de 2026



FEUGA - Fundación Empresa Universidad Gallega

Rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n
Santiago de Compostela



Curso impartido en inglés

O acceso aos servizos do Programa Oportunus no caso dos candidatos/as a ERC-2027-StG/CoG requirirá a participación neste taller.

Preparar unha solicitude ás axudas do European Research Council (ERC) require dunha profunda comprensión dos obxectivos da convocatoria, así como dos elementos que deben incluírse na proposta. O persoal avaliador do programa busca proxectos non convencionais, con potencial para converterse en referencia a escala global, que abran novos horizontes de investigación.

Este taller ofrece información clave sobre o tipo de proxectos e perfís de investigadores/as que financia o ERC, guiando aos candidatos/as, dunha maneira práctica e didáctica, na elaboración de propostas altamente competitivas.

Esta formación está dirixida ao persoal investigador interesado en solicitar as axudas do ERC e en beneficiarse dos servizos do Programa Oportunus.

OBJECTIVOS

- Familiarizar aos participantes coas convocatorias do European Research Council, integradas no Pilar I do Programa Horizonte Europa.
- Axudar aos posibles solicitantes a detectar se as súas ideas de proxecto e perfís científicos coinciden co espírito destas convocatorias.
- Proporcionar consellos prácticos e mellores prácticas para preparar unha proposta altamente competitiva.
- Coñecer, de primeira man, a experiencia de persoal investigador beneficiario de axudas do ERC.
- Explicar os servizos de asesoramento que ofrece o Programa Oportunus e as súas implicacións prácticas.

PREPARACIÓN PROPOSTAS ERC_ PROGRAMA HORIZON EUROPE



PROGRAMA

Taller

PREPARACIÓN DE PROPOSTAS ERC 2026-2027

12 de marzo de 2026



10.00 - 10.15 h

Benvenida e presentación

Axencia Galega de Innovación

10.15 - 11.30 h



BLOQUE 1. UNHA ANÁLISE EN PROFUNDIDADE DAS CONVOCATORIAS DO ERC

- Que é e que non é un proxecto ERC
- Contido da solicitude e proceso de avaliación
- Últimas actualizacións do ERC Work Programme
- Como elixir o panel e as palabras adecuadas

11.30 - 11.45 h

Pausa café

11.45 - 13.00 h



BLOQUE 1. UNHA ANÁLISE EN PROFUNDIDADE DAS CONVOCATORIAS DO ERC (CONTINUACIÓN)

- Descifrar os criterios de avaliación
- Características competitivas do IP
- Avaliadores do panel vs. Expertos externos
- Rolda de preguntas

13.00 - 13.30 h



BLOQUE 2. EXPERIENCIA DUN BENEFICIARIO DE AXUDAS DO ERC EN GALICIA

Ignacio Insua. CiQUS, Universidade de Santiago de Compostela. Starting Grant, 2024

13.30 - 14.30 h

Pausa comida e *networking*

14.30 - 16.00 h



BLOQUE 3. BOAS PRÁCTICAS PARA PRESENTAR UNHA PROPOSTA ERC

- O enfoque distinto das partes B1 e B2
- Como crear unha estrutura lóxica da proposta
- Establecer obxectivos sólidos e ambiciosos
- Detallar a implementación e o plan de traballo

16.00 - 16.15h

Pausa café

16.15 - 17.30 h



BLOQUE 3. BOAS PRÁCTICAS PARA PRESENTAR UNHA PROPOSTA ERC (CONTINUACIÓN)

- O papel dos resultados preliminares
- A avaliación de riscos
- A presentación do CV e da traxectoria profesional
- Identificación de limitacións e barreiras
- Rolda de preguntas

17.30 - 17.55 h



BLOQUE 4. PRESENTACIÓN DE LOS SERVICIOS DE ASESORAMIENTO DEL PROGRAMA OPORTUNUS Y DEL CUESTIONARIO DE SOLICITUD

17.55 - 18.00 h

Valoración do taller e peche da xornada





Taller

PREPARACIÓN DE PROPOSTAS ERC 2026-2027

12 de marzo de 2026



Formadores

Este programa foi desenvolto polos expertos en ERC Stewe Bekk e Malte Beringer, baseándose na súa ampla experiencia acumulada na revisión de propostas, na impartición de máis de 50 seminarios para máis de 1.000 investigadores e o asesoramento anual de ao redor de 40 candidatos a entrevistas ERC en prestixiosas institucións europeas. A súa traxectoria reflicte un firme compromiso coa preparación do persoal investigador para o éxito.



STEW BEKK

Asesor especializado nas convocatorias ERC

Stewe Bekk é un consultor especializado na preparación de propostas de investigación con máis dunha década de experiencia en prestixiosos institutos de Barcelona, como IDIBAPS, ICN2 e ICFO.

En 2020 fundou a súa propia consultora, centrada na preparación de solicitudes ERC. Revisou e editou centos de propostas ERC, desenvolvendo un profundo coñecemento sobre os factores clave que as fan destacar. A súa experiencia e criterio contribuíron ao éxito de numerosas solicitudes, consolidándoo como un asesor de referencia na captación de fondos competitivos para a investigación.



MALTE BERINGER

Asesor e editor científico

Doutor en Bioquímica con máis de 15 anos de experiencia en life sciences, Malte Beringer está especializado na consultoría estratéxica e revisión de propostas científicas.

Dende 2018, céntrase nas subvencións ERC, un dos programas de apoio á investigación máis prestixiosos e competitivos de Europa, asesorando ao persoal investigador na preparación de propostas exitosas. Tamén colaborou e colabora na elaboración de proxectos no marco do Programa Horizonte 2020 / HEurope e programas nacionais.

Gracias á súa combinación de coñecemento científico e habilidades en comunicación estratéxica, contribuíu á obtención de máis de 50 millóns de euros en fondos para a investigación.

